



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE  
Dirección Xeral de  
Desenvolvemento Sostible

**METEOGALICIA**

# **INFORME CLIMATOLÓXICO**

## **MES DE AGOSTO 2007**



## 1.- Resumo

### **Temperaturas baixas, principalmente no interior e chuvias normais.**

O mes de agosto estivo caracterizado por un tempo moi irregular e cambiante. En xeral mantivéronse as condicións de aire frío en altura sobre o Atlántico norte, o que alimentou varias borrascas que se foron achegando a Galicia durante o mes. Deste xeito o primeiro día do mes comezou baixo os efectos dunha destas baixas, deixando un día de ceos anubrados e chuvias. Durante os seguintes 9 días o tempo estivo máis estable, con ceos pouco anubrados ou despexados. Os días 2, 3 e 4 rexistraron tamén temperaturas altas, con valores superiores ós 30 °C practicamente en toda Galicia, pero a partir do día 5 e ata o 12 as temperaturas foron máis suaves, aínda que o tempo continuou a ser seco e soleado. O día 13 marca un cambio de tempo por mor do achegamento dunha nova baixa, que deixou ceos anubrados, ventos de compoñente sur, que no litoral sopraron con intensidade moderada e chuvias, que se concentraron na noite do día 14 e na madrugada do 15, coincidindo con paso dunha fronte asociada ó centro de baixas presións anteriormente descrito. O período entre o 16 e o 24 foi moi semellante ó rexistrado entre o 5 e o 12, con ceos despexados no sur, algo máis anubrados no norte e temperaturas en xeral moi suaves. Esta situación estivo acompañada con ventos de compoñente norte. Os 5 días comprendidos entre o 25 e o 29 de agosto a situación sinóptica estivo marcada pola presenza de aire frío en altura e anticiclón en superficie, deixando unha situación potencialmente treboenta, con chuvascos que neste período alcanzaron toda Galicia en diferentes momentos e con diferente intensidade, sendo particularmente fortes na madrugada do 29 no norte de Lugo e A Coruña. O mes finalizou cunha situación anticiclónica e polo tanto ceos despexados e temperaturas altas na metade sur.

**Temperaturas:** As temperaturas nas zonas do litoral durante o mes de agosto foron relativamente normais, dado que tanto durante os primeiros como nos derradeiros días do mes tivemos situacións de calor, e no resto do mes predominaron as situacións anticiclónicas con temperaturas suaves. Porén, no interior, onde as temperaturas durante o mes de agosto deberían ser máis altas, é onde se observan as maiores anomalías. Así por exemplo, en Ourense capital a media das máximas durante este mes de agosto estivo 3 °C por debaixo da media.

**Chuvias:** No comportamento das chuvias débese distinguir tamén entre o litoral e o interior. Así, as chuvias do primeiro día do mes e das xornadas do 13 ó 15 deixaron algunhas precipitacións non demasiado cuantiosas que marcan un mes próximo á normalidade, pero algo por debaixo do valor medio dos 30 anos anteriores. No interior os chuvascos treboentos do período entre o 25 e o 29 deixaron chuvias superiores á esta media.



## 2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMA), no período 1973-2003 agás Santiago (1983-2003) .

O valor climático corresponde ó promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m<sup>2</sup>).

### CIS FERROL

	AGOSTO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	19.3	19.4	21.5 (2003)	17.8 (1977)
Tª mínima media	15.9	16.1	18.1 (2003)	14.7 (1974)
Tª mínima absoluta	11.4 (día 17)	11.4 (05/08/1986)		
Tª máxima media	23.1	22.6	25.0 (2003)	20.7 (1977)
Tª máxima absoluta	33.0 (día 27)	35.2 (20/08/1993)		
Precipitación acumulada	18	24-38	96 (1977)	1 (1998)

#### Comentario:

*Temperaturas moi semellantes aos valores climáticos agardados.*

*A precipitación queda por debaixo do rango de valores normais. O mes pode considerarse "seco"*



## SANTIAGO

	AGOSTO 2007	VALORES CLIMÁTICOS *	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	18.1	19.9	23.1 (2003)	17.1 (1986)
Tª mínima media	13.6	14.6	17.4 (2003)	12.4 (1986)
Tª mínima absoluta	10.3 (día 17)	7.3 (29/8/1986)		
Tª máxima media	23.3	25.3	28.9 (2003)	21.7 (1986)
Tª máxima absoluta	31.4 (día 27)	39.7 (12/8/2003)		
Precipitación acumulada	37	44-55	150 (1992)	1 (1998)

### Comentario:

*Temperaturas moi inferiores aos valores agardado, así o mes pode considerarse moi frío. En canto á precipitación, o mes pódese considerarse seco, ao quedar algo por debaixo do rango de valores normais*

\* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

## LUGO

	AGOSTO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	17.4	19.5	21.8 (1998)	17.0 (1983)
Tª mínima media	11.9	13.4	15.3 (2003)	11.0 (1974)
Tª mínima absoluta	7.4 (día 17)	5.0 (29/08/1986)		
Tª máxima media	24.0	25.6	30.2 (2003)	21.4 (1983)
Tª máxima absoluta	35.0 (día 4)	40.0 (12/08/1987)		
Precipitación acumulada	49	19-30	88 (1976)	0.3 (1988)

### Comentario:

*Temperaturas moi inferiores ao agardado, especialmente no caso das mínimas e da media, un grao e medio por debaixo do valor climático. Polo tanto, o mes pode considerarse moi frío. En canto a precipitación, o mes supera o rango de valores normais, en parte debido aos 18 litros caídos na treboada do día 29. O mes pode así considerase “húmido”*



### PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	AGOSTO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	19.9	20.0	22.7 (2003)	17.6 (1977)
Tª mínima media	14.9	14.2	17.6 (2003)	12.1 (1986)
Tª mínima absoluta	12.1 (día 7)	8.0 (23/08/1977)		
Tª máxima media	26.1	25.8	29.5 (2006)	22.7 (1977)
Tª máxima absoluta	33.5 (día 3)	38.0 (12/08/2003)		
Precipitación acumulada	17	25-59	142 (2004)	0 (1981)

Comentario:

*Os valores de temperatura están moi preto dos valores climáticos, polo que este mes pode considerarse normal en canto a temperatura.*

*En canto a precipitación, o mes pódese considerar “seco”*

### OURENSE

	AGOSTO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	20.5	22.2	25.5 (2003)	19.0 (1977)
Tª mínima media	14.4	14.6	17.3 (2003)	10.7 (1974)
Tª mínima absoluta	10.1 (día 17)	5.6 (26/08/1985)		
Tª máxima media	27.0	30.0	34.0 (1998)	24.5 (1977)
Tª máxima absoluta	36.3 (día 4)	42.2 (04/08/1990)		
Precipitación acumulada	26	17-23	88 (1976)	0 (1981)

Comentario:

*Mes moi frío en canto a temperatura medias e especialmente as máximas, tres graos por debaixo do valor climático. As mínimas sen embargo mostraron valores normais.*


*En canto á precipitación, o mes pode considerarse algo “húmido”, xa que supera lixeiramente o rango de valores normais*



### 3.- Mapas

#### 3.1.- Anomalías de presión en superficie


**Anomalías de presión en superficie.  
Mes Agosto 2007**






### 3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa

**Anomalías de xeopotencial en 500 hPa.  
Mes de Agosto 2007.**





### 3.3.- Temperatura media das máximas




Tmáx -- 08/2007

www.meteogalicia.es





### 3.4.- Temperatura media das mínimas




T<sub>min</sub> -- 08/2007

[www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)



**3.5.- Choiva acumulada (litros/m<sup>2</sup>)**



Chuvia -- 08/2007

www.meteogalicia.es